

VI XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

4 de MAIO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 6ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **MÉRCORES 4 de maio de 2022**, en xornada de tarde na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas con ficha pola F.G.A ó longo da tempada actual (2022) e que pertencen ás categorías **sub-14 (nas probas indicadas expresamente) ata máster**.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do sábado anterior** á celebración das probas.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Art. 3.

HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
SALTO LONXITUDE (sub-14)		SALTO LONXITUDE (sub-14)
LANZAMENTO MARTELO	18:00	LANZAMENTO MARTELO
	18:40	400 mv
400 mv	18:45	
	19:00	100ml
SALTO ALTURA	19:00	SALTO ALTURA
LANZAMENTO PESO	19:05	LANZAMENTO PESO
100 ml	19:10	
	19:20	80 ml (sub-14)
80 ml (sub-14)	19:30	
	19:45	300 ml
300 ml	19:50	
	19:55	SALTO LONXITUDE
	20:00	400 ml
400 ml	20:05	
	20:15	2000m obstáculos
2000m obstáculos	20:30	
SALTO LONXITUDE	20:40	
600m	20:45	600m
1500m	20:55	1500m
800m	21:10	800m

Art. 4. Participación:

- **Terán preferencia os atletas pertencentes á provincia de Lugo.**
- En caso que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas, e entre os atletas sen marca realizarase un sorteo.
- Cada atleta só poderá participar co peso dun artefacto, ou ben o da súa categoría ou ben o absoluto. Os artefactos homologaranse ata 70' antes da celebración da proba, entregaranse na carpa de Secretaría e Resultados.
- Táboa salto lonxitude 3m, na categoría sub-14 situarase a 2m.

PROBA	PARTICIPANTES	TENTATIVAS OU CADENCIA
SALTO LONXITUDE (sub-14)	-----	3 tentativas
SALTO LONXITUDE	12+12	4 tentativas + 2 mellora para 2 primeiros/as
LANZAMENTO PESO	12+12	4 tentativas + 2 mellora para 2 primeiros/as
SALTO ALTURA	7+7	1.10-20-30-37-42-47-52...1.77-80-83....
LANZAMENTO MARTILLO	8+8	4 tentativas + 2 mellora para 2 primeiros/as

Art. 5. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 6. Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso.

Art. 7. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito non participa finalmente na proba a sanción será de 5€ e non poderá participar na seguinte competición organizada nesta Delegación.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 13:59h conlevan a tramitación da correspondente sanción segundo a normativa xeral da FGA (3€) agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

Art. 8. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 9. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 25 de abril de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

